

ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN DO 28 DE OUTUBRO DE 2021

Ás 10:05 horas do día 28 de outubro de 2021, reúnese a Mesa de Contratación do Concello de Vigo, en sesión virtual a través da canle Cisco Webex Meetings, convocada pola presidenta o 25 de outubro, para tratar os asuntos da orde do día que figuran na convocatoria.

Asisten á reunión da Mesa de Contratación:

Presidenta: D^a. Patricia Rodríguez Calviño

Vocais: D^a. María Isabel Fernández Gabriel, vogal suplente da titular da Asesoría Xurídica
 D^a. Olga Gómez Corbal, vogal suplente do interventor xeral (agás os puntos 2c e 4b)
 D. Alberto Escariz Couso, interventor xeral (asiste aos puntos 2c e 4b)
 D^a. Susana Gallardo Fariña, vogal suplente do secretario xeral do Pleno
 D^a. Ruth María Santos Gallego, suplente do xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario (asiste aos puntos 2a, 2c, 4, 9a, 9b, 10a e 10b)
 D^a. María Dapena Gómez, xefa da Área de RRHH e Formación (2b e 6a)
 D. Guillermo Domínguez López, xefe do Servizo de Extinción de Incendios (asiste aos puntos 3b, 9c, 10c e 10d)
 D. José Hermida Fernández, xefe do Servizo de Comercio (asiste aos puntos 5a, 6b e 10e)

Secretaria: D^a. Ángela Fernández López, suplente da xefa do Servizo de Contratación

Aberta a sesión pola Sra. presidenta procédese a tratar os puntos incluídos na orde do día:

2.- Cualificación da documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos previos

a) Procedemento aberto para a contratación do subministro de tres vehículos en réxime de arrendamento (renting) (14.613-445) (emenda de documentación)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses cos licitadores presentados. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

A continuación lembra aos membros da Mesa que por acordo do 21 de outubro de 2021, na mesma data, se concedeu un prazo de tres días a AUTOS BREA, S.L. para que emendase a documentación persoal. O licitador presentou documentación en prazo. Logo



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 29/04/2024 08:21	Páxina 1 de 12
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A8A948-53D831-C1CCE1-S3YQC7-XDR8LA-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

da cualificación da referida documentación, a Mesa acorda, por unanimidade:

- Admitir neste procedemento a AUTOS BREA, S.L. por ter emendado correctamente a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos.

b) Procedemento aberto para a contratación do seguro de vida e accidentes para o persoal interino e persoal laboral temporal ao servizo do Concello de Vigo (36.576-220)

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta na Plataforma de Contratos do Sector Público e no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algún dos licitadores. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

A continuación procédese á cualificación dos documentos que compoñen o sobre A "Documentación persoal", tras a súa descriptación pola Secretaría e a Presidencia, e acórdase, por unanimidade:

- Admitir neste procedemento aos licitadores que deseguido se relacionan, por ter presentado correctamente a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos:
 1. ALLIANZ, COMPAÑÍA DE SEGUROS Y REASEGUROS, S.A.
 2. AXA AURORA VIDA, S.A. DE SEGUROS Y REASEGUROS
 3. SURNE MUTUA DE SEGUROS
 4. VIDACAIXA, S.A.U. DE SEGUROS Y REASEGUROS
 5. ZURICH VIDA, S.A.U.

c) Procedemento aberto para a contratación do servizo de realización das tarefas de coordinación en materia de seguridade e saúde derivadas da execución do servizo de mantemento, acondicionamento e mellora das infraestruturas viarias do Concello de Vigo (839-441)

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta na Plataforma de Contratos do Sector Público e no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algún dos licitadores. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

A continuación procédese á cualificación dos documentos que compoñen o sobre A "Documentación persoal", tras a súa descriptación pola Secretaría e a Presidencia, e acórdase, por unanimidade:

- Admitir neste procedemento aos licitadores que deseguido se relacionan, por ter presentado correctamente a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos:
 1. APPLUS NORCONTROL, S.L.U.
 2. AQUATICA INGENIERIA CIVIL, S.L.
 3. ATENEA, S.A.U.
 4. INGENIERÍA DE GESTIÓN Y SEGURIDAD, S.L.
 5. INGENIERÍA Y PREVENCIÓN DE RIESGOS, S.L.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 29/04/2024 08:21	Páxina 2 de 12
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A8A948-53D831-C1CCE1-S3YQC7-XDR8LA-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

3.- Apertura administrativa e económica

a) Procedemento aberto simplificado para a contratación do subministro de material eléctrico para as instalacións de iluminación, fontes, túneles e de enerxía renovable do Concello de Vigo (51.959-444)

A secretaria le o listado de licitadores presentados (DIGAMEL, S.A., IMESAPI, S.A. e SONEPAR IBÉRICA SPAIN, S.A.U.) a este procedemento segundo consta na Plataforma de Contratos do Sector Público e no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con eles. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses cos licitadores.

A continuación procédese, en acto público, á descriptación dos documentos que compoñen o sobre B (documentación persoal e proposición avaliable mediante fórmula) co seguinte resultado:

	Licitador	Baixa porcentual única
1	DIGAMEL, S.A.	4%
2	IMESAPI, S.A.	5,80%
3	SONEPAR IBÉRICA SPAIN, S.A.U.	12,25%

Asiste á apertura D^a. María del Carmen Vila Comesaña con DNI **.86.91*, en representación de IMESAPI, S.A.

Acto seguido compróbase a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos, resultando correcta a documentación presentada polos licitadores.

A Mesa acorda, por unanimidade, solicitar informe ao servizo xestor sobre a documentación económica.

b) Procedemento aberto simplificado para a contratación do subministro dun compresor de aire e rampla de carga para os equipos autónomos de respiración, colchón de rescate en salvamento en altura e bombas de achique para o Servizo de Bombeiros do Concello de Vigo (6.504-213)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses cos licitadores presentados. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

A continuación lembra aos membros da Mesa que por acordo do 21 de outubro de 2021, na mesma data, se concedeu un prazo de tres días a AIRBOX, S.A. (lote 1), AXATON, S.L. (lote 3) e INDUSTRIAL GLOBAL SUPPLY, S.L. (lote 2) para que emendasen a documentación persoal. O licitador presentou documentación en prazo. Logo da cualificación da referida documentación, a Mesa acorda, por unanimidade:

- Admitir neste procedemento aos seguintes licitadores por ter emendado correctamente a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos:

1. AIRBOX, S.A. (lote 1)



2. AXATON, S.L. (lote 3)
3. INDUSTRIAL GLOBAL SUPPLY, S.L. (lote 2)

A Mesa comproba que ningunha das ofertas conteñen valores anormais ou desproporcionados de conformidade cos criterios recollidos no apartado 7D do Anexo I -FEC- do PCAP e acorda ordenar as ofertas por orde de menor a maior prezo en aplicación do previsto no apartado 7B1 do citado Anexo:

- Lote 1 "Compresor de aire e rampla de carga para as botellas de aire comprimido":

	Licitador	Prezo
1	SERVICIOS TÉCNICOS Y DE INGENIERÍA AS PONTES, S.L.	38.980,00 €
2	AIRBOX, S.A.	42.720,00 €

- Lote 2 "Colchón de rescate en altura":

	Licitador	Prezo
1	INDUSTRIAL GLOBAL SUPPLY, S.L.	16.355,00

- Lote 3 "8 Bombas de achique":

	Licitador	Prezo
1	AXATON, S.L.	11.392,00

4.- Apertura da documentación técnica

a) Procedemento aberto para a contratación do subministro de tres vehículos en réxime de arrendamento (renting) (14.613-445)

A secretaria pregunta aos membros da Mesa se teñen conflito de intereses cos licitadores admitidos. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

Procédese á desenscriptación dos documentos que compoñen o sobre B "Proposición avaliable mediante xuízo de valor" dos licitadores admitidos.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación técnica ao servizo xestor.

b) Procedemento aberto para a contratación do servizo de realización das tarefas de coordinación en materia de seguridade e saúde derivadas da execución do servizo de mantemento, acondicionamento e mellora das infraestruturas viarias do Concello de Vigo (839-441)

A secretaria pregunta aos membros da Mesa se teñen conflito de intereses cos licitadores admitidos. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

Procédese á desenscriptación dos documentos que compoñen o sobre B "Proposición



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 29/04/2024 08:21	Páxina 4 de 12
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A8A948-53D831-C1CCE1-S3YQC7-XDR8LA-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

avaliable mediante xuízo de valor” dos licitadores admitidos.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación técnica ao servizo xestor.

5.- Entrega e, no seu caso, aceptación dos informes de valoración dos criterios avaliados mediante xuízo de valor nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos

a) Procedemento aberto para a contratación do servizo de megafonía en varias rúas de Vigo no ámbito da programación de Nadal (2021-2022, 2022-2023 e 2023-2024) (7.819-106)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses co único licitador admitido. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con el.

Entrégase o informe asinado pola enxeñeira técnica industrial, o xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario e o xefe do Servizo de Comercio o 25 de outubro de 2021 de valoración do sobre B "proposición avaliable mediante xuízo de valor" que é aceptado por unanimidade dos membros da Mesa.

Acto seguido publícase no perfil de contratante.

6.- Apertura económica

a) Procedemento aberto para a contratación do seguro de vida e accidentes para o persoal interino e persoal laboral temporal ao servizo do Concello de Vigo (36.576-220)

Procédese, en acto público, á descriptación dos documentos que compoñen o sobre C "Proposición avaliable mediante fórmula" dos licitadores admitidos co seguinte resultado:

	Licitador	Prezo	Submin. cadeira rodas	Adaptac. domicilio ou vehículo	Reembolso gastos por prótese	Increm. garantías por falecemento por calquera causa	Increm. garantías por falecemento por accidente	Increm. garantías por falecemento por accidente de circulación	Increm. garantías por invalidez permanente absoluta ou grande invalidez
1	ALLIANZ, COMPAÑÍA DE SEGUROS Y REASEGUROS, S.A	20.632,99 €	si	si	si	5.000,00 €	5.000,00 €	5.000,00 €	5.000,00 €
2	AXA AURORA VIDA, S.A. DE SEGUROS Y REASEGUROS	32.088,59 €	si	si	si	5.000,00 €	5.000,00 €	5.000,00 €	0,00 €
3	SURNE MUTUA DE SEGUROS	16.695,00 €	si	si	si	0,00 €	5.000,00 €	5.000,00 €	5.000,00 €
4	VIDACAIXA, S.A.U. DE SEGUROS Y REASEGUROS	37.078,54 €	si	si	si	5.000,00 €	5.000,00 €	5.000,00 €	5.000,00 €



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 29/04/2024 08:21	Páxina 5 de 12
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A8A948-53D831-C1CCE1-S3YQC7-XDR8LA-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

	Licitador	Prezo	Submin. cadeira rodas	Adaptac. domicilio ou vehículo	Reembolso gastos por prótese	Increm. garantías por falecemento por calquera causa	Increm. garantías por falecemento por accidente	Increm. garantías por falecemento por accidente de circulación	Increm. garantías por invalidez permanente absoluta ou grande invalidez
5	ZURICH VIDA, S.A.U.	45.886,97 €	si	si	si	3.000,00 €	5.000,00 €	5.000,00 €	2.500,00 €

Non asiste público á apertura.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación económica ao servizo xestor.

b) Procedemento aberto para a contratación do servizo de megafonía en varias rúas de Vigo no ámbito da programación de Nadal (2021-2022, 2022-2023 e 2023-2024) (7.819-106)

Procédese, en acto público, á descriptación dos documentos que compoñen o sobre C "Proposición avaliable mediante fórmula" do único licitador admitido co seguinte resultado:

	Licitador	Prezo sen IVE
1	SONIDO COLLAZO, S.L.	129.405,00 €

O licitador presenta o orzamento detallado esixido no PCAP.

Non asiste público á apertura.

A Mesa comproba que a oferta non contén valores anormais en aplicación dos criterios recollidos na cláusula 18 do PCAP e, de conformidade co previsto na cláusula 16.3, acorda outorgarlle a SONIDO COLLAZO, S.L. a máxima puntuación pola súa proposición avaliable mediante fórmula ao haber un único licitador admitido:

	Licitador	Prezo
1	SONIDO COLLAZO, S.L.	60 puntos

Tendo en conta a puntuación obtida polo licitador na súa proposición avaliable mediante xuízo de valor (13 puntos), a puntuación total é a seguinte:

	Licitador	Criterios xuízo valor	Criterios fórmula	Puntuación total
1	SONIDO COLLAZO, S.L.	13 puntos	60 puntos	73 puntos

9.- Entrega e, no seu caso, aceptación dos informes de valoración dos criterios avaliables mediante fórmula nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos

a) Procedemento aberto para a contratación das obras de "Humanización da rúa Aragón, fase VI" (957-441)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 29/04/2024 08:21	Páxina 6 de 12
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A8A948-53D831-C1CCE1-S3YQC7-XDR8LA-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses cos licitadores admitidos. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

Entrégase o informe asinado pola técnica de Xestión e o xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario o 21 de outubro de 2021 de valoración do sobre C "proposición avaliable mediante fórmula" coa proposta de clasificación que é aceptado por unanimidade dos membros da Mesa.

b) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Rehabilitación e transformación do contorno urbano da rúa Gran Vía, entre as rúas Venezuela e Nicaragua (fase II)" (959-441)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses cos licitadores admitidos. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

Entrégase o informe asinado pola técnica de Xestión e o xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario o 20 de outubro de 2021 de valoración do sobre C "proposición avaliable mediante fórmula" coa proposta de clasificación. A Mesa acepta o referido informe e acorda, por unanimidade, propoñer ao órgano de contratación a exclusión deste procedemento de OBRAS, PAVIMENTOS E INSTALACIONES INDUSTRIALES, S.L. e UTE XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS, S.L. - CONSTRUCCIONES OREGA, S.L. por conter as súas ofertas valores anormais e non ter presentado xustificación ningunha dentro do prazo concedido para o efecto.

c) Procedemento aberto simplificado para a contratación do subministro de dous equipos de excarceración hidráulicos a batería para cada un dos vehículos de primeira saída dos parques do Servizo de Bombeiros do Concello de Vigo (6.495-213)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses co único licitador admitido. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con el.

Entrégase o informe asinado polo xefe do Servizo de Extinción de Incendios o 22 de outubro de 2021 de valoración do sobre B "proposición avaliable mediante fórmula" coa proposta de clasificación que é aceptado por unanimidade dos membros da Mesa.

10.- Propostas de clasificación/clasificación

a) Procedemento aberto para a contratación das obras de "Humanización da rúa Aragón, fase VI" (957-441)

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das proposicións presentadas, por unanimidade dos asistentes, propónse á concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), a adopción da seguinte resolución:

"Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación das obras de "Humanización da rúa Aragón, fase VI" (957-441) na seguinte orde descendente:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 29/04/2024 08:21	Páxina 7 de 12
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A8A948-53D831-C1CCE1-S3YQC7-XDR8LA-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Orde	Licitadores	Puntuación total
1	AVAN INTEGRAL, S.L.	94,38
2	ORESA CONSTRUCCION Y SERVICIOS GLOBALES, S.L.	94,37
3	CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A. (COVSA)	93,05
4	UTE RÚA ARAGÓN FASE VI (ACEVI – MONTAJES J.M. IGLESIAS)	92,34
5	ORECO, S.A.U.	90,53
6	ELSAMEX GESTIÓN DE INFRAESTRUCTURAS, S.L.	74,31

Segundo.- Requerir ao licitador clasificado en primeiro lugar, AVAN INTEGRAL, S.L. (B-36.922.144), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.

b) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Rehabilitación e transformación do contorno urbano da rúa Gran Vía, entre as rúas Venezuela e Nicaragua (fase II)" (959-441)

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das proposicións presentadas, por unanimidade dos asistentes, propónse á concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), a adopción da seguinte resolución:

“Primeiro.- Tomar razón do acordo adoptado pola Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na sesión do 13 de setembro de 2021, polo que non se admitiu á UTE CONSTRUCTORA SAN JOSÉ, S.A. - CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A. neste procedemento por ter presentado dúas proposicións, non estando permitido que cada licitador poida presentar máis dunha proposición (artigo 139.3 da Lei 9/2007, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, cláusula 13.6 do PCAP e, entre outras, resolución nº 137/2021 do 9 de xullo de 2021 do Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia).

Segundo.- Excluir deste procedemento aos seguintes licitadores por conter as súas ofertas valores anormais ou desproporcionados sen que presentaran xustificación ningunha dentro do prazo concedido para o efecto:

1. OBRAS, PAVIMENTOS E INSTALACIONES INDUSTRIALES, S.L.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 29/04/2024 08:21	Páxina 8 de 12
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A8A948-53D831-C1CCE1-S3YQC7-XDR8LA-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

2. UTE XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS, S.L. - CONSTRUCCIONES OREGA, S.L.

Terceiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Rehabilitación e transformación do contorno urbano da rúa Gran Vía, entre as rúas Venezuela e Nicaragua (fase II)" (959-441) na seguinte orde descendente:

Orde	Licitadores	Puntuación total
1	PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A.	96,90
2	UTE FERROVIAL CONSTRUCCIÓN, S.A. Y ORECO, S.A.U.	96,86
3	UTE DRAGADOS – PETROLAM INFRAESTRUTURAS	92,49
4	CIVIS GLOBAL, S.L.U.	80,21
5	S.A. DE OBRAS Y SERVICIOS, COPASA	76,03
6	UTE CONSTRUCCIONES RAMÍREZ – ARIAS INFRAESTRUTURAS	65,35

Cuarto.- Requerir ao licitador clasificado en primeiro lugar, PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A. (A-70.319.678), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares".

c) Procedemento aberto simplificado para a contratación do subministro de dous equipos de excarceración hidráulicos a batería para cada un dos vehículos de primeira saída dos parques do Servizo de Bombeiros do Concello de Vigo (6.495-213)

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e do informe de valoración da única proposición presentada, a Mesa acorda, por unanimidade dos asistentes, a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, a proposición admitida neste procedemento aberto simplificado para a contratación do subministro de dous equipos de excarceración hidráulicos a batería para cada un dos vehículos de primeira saída dos parques do Servizo de Bombeiros do Concello de Vigo (6.495-213) na seguinte orde descendente:

	Licitador	Prezo ofertado
1	INCIPRESA, S.A.U.	82.156,49 €



Segundo.- Requirit ao licitador clasificado en primeiro lugar, INCIPRESA, S.A.U. (A-36.633.600), para que presente, no prazo de sete días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, unicamente a documentación esixida na cláusula 22.1 do PCAP, ao estar inscrito no Rexistro de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público:

- Acreditación da constitución garantía definitiva esixida no apartado 9 das FEC.
- Acordo de confidencialidade e para a autorización do acceso á rede do Concello de Vigo, conforme ao modelo incluído no Anexo IV.
- Acreditación da solvencia técnica esixida no apartado 5 das FEC.
- Declaración responsable designando ao seu delegado coas funcións descritas na cláusula 28.6 deste prego, conforme ao modelo incluído no Anexo IV.

d) Procedemento aberto simplificado para a contratación do subministro dun compresor de aire e rampla de carga para os equipos autónomos de respiración, colchón de rescate en salvamento en altura e bombas de achique para o Servizo de Bombeiros do Concello de Vigo (6.504-213)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses cos licitadores admitidos. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e do informe de valoración da única proposición presentada, a Mesa acorda, por unanimidade dos asistentes, a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, a proposición admitida neste procedemento aberto simplificado para a contratación do subministro dun compresor de aire e rampla de carga para os equipos autónomos de respiración, colchón de rescate en salvamento en altura e bombas de achique para o Servizo de Bombeiros do Concello de Vigo (6.504-213) na seguinte orde descendente:

- Lote 1 "Compresor de aire e rampla de carga para as botellas de aire comprimido":

	Licitador	Prezo
1	SERVICIOS TÉCNICOS Y DE INGENIERÍA AS PONTES, S.L.	38.980,00 €
2	AIRBOX, S.A.	42.720,00 €

- Lote 2 "Colchón de rescate en altura":

	Licitador	Prezo
1	INDUSTRIAL GLOBAL SUPPLY, S.L.	16.355,00



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 29/04/2024 08:21	Páxina 10 de 12
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A8A948-53D831-C1CCE1-S3YQC7-XDR8LA-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



- Lote 3 "8 Bombas de achique":

	Licitador	Prezo
1	AXATON, S.L.	11.392,00

Segundo.- Requirit aos licitador clasificados en primeiro lugar en cada un dos lotes, SERVICIOS TÉCNICOS Y DE INGENIERÍA AS PONTES, S.L. (B-70.250.055) (lote 1), INDUSTRIAL GLOBAL SUPPLY, S.L. (B-85.885.812) (lote 2) e AXATON, S.L. (B-91.586.529) (lote 3), para que presenten, no prazo de sete días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciban o requirimento a seguinte documentación:

- SERVICIOS TÉCNICOS Y DE INGENIERÍA AS PONTES, S.L. (lote 1): deberán presentar a escritura de constitución cos estatutos, poder de representación, declaración de non estar incurso en prohibición de contratar (cláusula 22.1.3º do PCAP) e a documentación esixida na cláusula 22.1 do PCAP:
 - Acreditación da constitución garantía definitiva esixida no apartado 9 das FEC.
 - Acordo de confidencialidade e para a autorización do acceso á rede do Concello de Vigo, conforme ao modelo incluído no Anexo IV.
 - Acreditación da solvencia económica e técnica esixida no apartado 5 das FEC.
 - Declaración responsable designando ao seu delegado coas funcións descritas na cláusula 28.6 deste prego, conforme ao modelo incluído no Anexo IV.

* Consultado o Rexistro de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público consta un nome social diferente ao da empresa licitadora.
- INDUSTRIAL GLOBAL SUPPLY, S.L. (lote 2): deberá presentar a escritura de constitución cos estatutos (se ben figura inscrita no Rexistro de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público consta un obxecto social diferente ao do obxecto do contrato - cláusula 22.1.3º do PCAP) e a documentación esixida na cláusula 22.1 do PCAP:
 - Acreditación da constitución garantía definitiva esixida no apartado 9 das FEC.
 - Acordo de confidencialidade e para a autorización do acceso á rede do Concello de Vigo, conforme ao modelo incluído no Anexo IV.
 - Acreditación da solvencia económica e técnica esixida no apartado 5 das FEC.
 - Declaración responsable designando ao seu delegado coas funcións descritas na cláusula 28.6 deste prego, conforme ao modelo incluído no Anexo IV.
- AXATON, S.L. (lote 3) dado que figura inscrito no Rexistro de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público deberá presentar unicamente a documentación esixida na cláusula 22.1 do PCAP:
 - Acreditación da constitución garantía definitiva esixida no apartado 9 das FEC.
 - Acordo de confidencialidade e para a autorización do acceso á rede do Concello de Vigo, conforme ao modelo incluído no Anexo IV.
 - Acreditación da solvencia económica e técnica esixida no apartado 5 das FEC.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 29/04/2024 08:21	Páxina 11 de 12
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A8A948-53D831-C1CCE1-S3YQC7-XDR8LA-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

- Declaración responsable designando ao seu delegado coas funcións descritas na cláusula 28.6 deste prego, conforme ao modelo incluído no Anexo IV.

e) Procedemento aberto para a contratación do servizo de megafonía en varias rúas de Vigo no ámbito da programación de Nadal (2021-2022, 2022-2023 e 2023-2024) (7.819-106)

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das proposicións presentadas, por unanimidade dos asistentes, propónse á concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), a adopción da seguinte resolución:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación do servizo de megafonía en varias rúas de Vigo no ámbito da programación de Nadal (2021-2022, 2022-2023 e 2023-2024) (7.819-106) na seguinte orde descendente:

	Licitador	Puntuación total
1	SONIDO COLLAZO, S.L.	73 puntos

Segundo.- Requerir ao licitador clasificado en primeiro lugar, SONIDO COLLAZO, S.L. (B-36.932.689), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.

Non tendo máis asuntos que tratar, a presidenta declara finalizada a sesión ás 11:15 horas. De todo o tratado eu secretaria dou fe.

(Documento asinado dixitalmente polos membros da Mesa asistentes a esta sesión)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 29/04/2024 08:21	Páxina 12 de 12
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A8A948-53D831-C1CCE1-S3YQC7-XDR8LA-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		